



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 12 DE XULLO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. 2021/00032831E

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da presente convocatoria.

2. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN, E DO GASTO CORRESPONDENTE, ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO E A FUNDACIÓN SANTIAGO CENTRO ÁREA COMERCIAL PARA LEVAR A CABO UN PROGRAMA DE REACTIVACIÓN DAS COMPRAS MEDIANTE A ENTREGA DE BONOS DE APARCADOIRO NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL. 2021/00026658J

Acórdase:

Primeiro.- Aprobación do texto do convenio entre o Concello de Santiago e a **Fundación Santiago Centro Área Comercial**, para levar a cabo un Programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro no marco do plan de reactivación económica e social municipal deseñado para paliar os efectos económicos adversos derivados da crise sanitaria provocada pola COVID- 19.

Segundo.- Aprobación do gasto por importe de trinta e un mil euros- 31.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890005.

3. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN, E DO GASTO CORRESPONDENTE, ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CENTRO COMERCIAL ABERTO COMPOSTELA MONUMENTAL PARA LEVAR A CABO UN PROGRAMA DE REACTIVACIÓN DAS COMPRAS MEDIANTE A ENTREGA DE BONOS DE APARCADOIRO NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL. 2021/00026644E.

Acórdase:

Primeiro: Aprobación do texto do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de empresarios e profesionais centro comercial aberto **Compostela Monumental**, para levar a cabo un Programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro no marco do plan de reactivación económica e social municipal deseñado para paliar os efectos económicos adversos derivados da crise sanitaria provocada pola COVID-19.

Segundo: Aprobación do gasto por importe de trinta e un mil euros- 31.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890001.

4. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN, E DO GASTO CORRESPONDENTE, ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO E A ASOCIACIÓN PUNTO COMPOSTELA CENTRO COMERCIAL ABERTO PARA LEVAR A CABO UN PROGRAMA DE REACTIVACIÓN DAS COMPRAS MEDIANTE A ENTREGA DE BONOS DE APARCADOIRO NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL. 2021/00026708V

Apróbase o texto do convenio entre o Concello de Santiago e a **Asociación Punto Compostela Centro Comercial Aberto**, para levar a cabo un Programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro no marco do plan de reactivación económica e social municipal deseñado para paliar os efectos económicos adversos derivados da crise sanitaria provocada pola COVID-19.

Apróbase o gasto por importe de trinta e oito mil euros- **38.000,00 €** con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890003.

5. Prórroga do aluguer do local sito na Calzada das Cancelas nº 19 baixo en Santiago de Compostela para uso sociocultural no Barrio das Cancelas. CON/283/2004.

Acórdase:

Prorrogar o contrato de aluguer deste local polo prazo dun ano a contar desde o 16 de xullo de 2021 ata o 15 de xullo de 2022.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 2 de xaneiro de 2003, na súa cláusula cuarta establécese que en caso de prórroga incrementarase a renda conforme a variación do Índice Xeral de Prezos ao Consumo. O prezo actual coincide co que figura no acordo da Xunta de Goberno de data 10 de novembro de 2009 (desde o 16 de xullo de 2008: 662,96 € IVE incluído, actualizado co IVE vixente: 679,81 €).

En consecuencia, tamén se propón a revisión do IPC dende xuño de 2008 ata xuño de 2021. Tendo en conta que aínda non se publicou a variación correspondente a xuño de 2021, a renda definitiva a partir do 16 de xullo de 2021 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de xuño de 2021.

Para o mes de xullo de 2021 satisfarase a renda actual por importe mensual de: **679,81 € IVE** incluído.

Publicado o IPC de xuño de 2021 efecturase a revisión correspondente con efectos dende o 16 de xullo de 2021.

O gasto correspondente a prórroga, satisfarase con cargo ao orzamento municipal de arrendamentos nº -040 33403 2020000, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en ditos exercizos.

Anualidade 2021: 3.783,95 euros.

Anualidade 2022: 4.373,77 euros.

6. Adxudicación contrato denominado “Execución das obras recollidas no proxecto de renovación do céspede sintético do campo de fútbol do Sergas. 2021/00024119G.

Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL, por un importe de **488.432 euros** (403.662,81 euros + IVE aparte 21%: 84.769,19 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete unha ampliación do prazo de garantía das obras de 5 anos e un incremento do 2% do orzamento de control de calidade e do 2% no programa de actuación ambiental.

O gasto necesario para o financiamento deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria 040 34200 6220001 2020 4 RTLOU 62 10.

7. Adxudicación contrato denominado “Execución das obras do proxecto de acondicionamento de aparcadoiro na parcela RE-4 colindante coa Escola de Música e reurbanización da rúa Altiboia. Fase I – aparcadoiro. 2021/00024113K.

Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y

CONSTRUCCIONES SA, por un importe de **171.491,4 euros** (141.728,43 euros + IVE aparte 21%: 29.762,97 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete unha ampliación do prazo de garantía das obras de 5 anos e un incremento do 2% do orzamento de control de calidade e do 2% no programa de actuación ambiental.

O gasto necesario para o financiamento deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria 040 15321 61900 00 - 2017 2 ALTIB 33.